

# Proposta de actividades para 2022

## *1.-PUBLICACIONES:*

Publicación dos números 24 e 25 da **revista Areal** procurando cumprir os prazos, en todo caso, unha no remate do primeiro semestre e outra no remate do segundo.

### **Cadernos de estudos locais.**

Procurarase editar a referida a flora da finca do Pazo de Meirás e outros cadernos con asuntos de interese, en función das posibilidades orzamentarias, como por exemplo o adicado á banda municipal de música ou o bicentenario de José María Montes

### **Cadernos de estudos xerais.**

En función da dispoñibilidade de fondos, estudaremos as posibilidades de publicación sobre asuntos de interese xeral.

### **Cadernos especiais.**

Procuraremos realizar un adicado Florencio Delgado Gurriarán , a persoa homenaxeada nas letras galegas 2022, se contamos con financiamento da Xunta ou do Concello de Sada.

## *2.-PRESENTACIÓN DE LIBROS:*

Seguiremos con estas actividades presentando aquelas novidades editoriais que sexan de interese e que se axusten aos nosos obxectivos estatutarios.

## *3.-COLABORACIÓN CON ENTIDADES:*

Procuraremos seguir divulgando o traballo de asociacións do Concello e buscando colaboración para o desenvolvemento de actividades con outras de Sada ou de fóra de Sada que compartan os nosos obxectivos.

## *4.-VISITAS GUIADAS:*

Procuraremos continuar con visitas guiadas aos exteriores do Pazo de Meirás nas xornadas nas que non ofrezca esa actividade o Concello de Sada

Tamén faremos visitas guiadas a outros lugares de interese . Nese sentido xa é firme a visita ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo na vindeira primavera.

Estudárase a posibilidade de facer **roteiros a pé** para dar a coñecer e poñer en valor lugares interesantes das nosas parroquias ou doutros lugares.